

1 Junio de 2015 - Revista 1023

# *Revista Semanal*

da Rede Galega de Información Xuvenil



**xuventude.net**

EN PORTADA / 2

NOVAS FORMACION / 6

BOLSAS E AXUDAS / 8

PREMIOS E CONCURSOS / 9

NOVAS DE EMPREGO / 9

EN PORTADA

## Curso de Verán 2014 USC

Mercres, 27 Maio 2015 15:53



**Universidade de Verán Santiago de Compostela 2015.**

A continuación tedes a programación dos cursos de verán que convoca a *Universidade de Santiago de Compostela* nos campus de Santiago e Lugo:

- **A RADIOLOXÍA NO SÉCULO XXI**  
Santiago de Compostela, do 08 ao 09 de xuño de 2015
- **A QUÍMICA, A CIENCIA QUE ENVOLVE AS NOSAS VIDAS (IV)**  
Santiago de Compostela, do 08 ao 11 de xuño de 2015
- **EDUCACIÓN, COÑECEMENTO, TECNOLOXÍA E ENSINO. UNHA PROPOSTA INTERXERACIONAL**  
Santiago de Compostela, do 08 ao 11 de xuño de 2015
- **INNOVACIÓN DE SERVIZOS ASISTENCIAIS**  
Santiago de Compostela, do 08 ao 26 de xuño de 2015
- **PAISAXES DA AUGA, CULTIVOS DA AUGA, LEIS DA AUGA**  
Lugo, do 08 ao 10 de xuño de 2015
- **TRABALLOS FIN DE GRAO E FIN DE MÁSTER EN CIENCIAS EXPERIMENTAIS: DA PROPOSTA Á DEFENSA**  
Lugo, do 08 ao 12 de xuño de 2015
- **AS RESERVAS DA BIOSFERA COMO RECURSO DA EDUCACIÓN ESCOLAR**  
Lugo, do 08 ao 10 de xuño de 2015
- **A LOITA CONTRA A POBREZA: A AXENDA DE DESENVOLVEMENTO POST 2015**  
Santiago de Compostela, do 09 ao 11 de xuño de 2015
- **FACTORÍA DE ÉXITO**  
Lugo, do 09 ao 17 de xuño de 2015
- **DEPRESIÓN, TRAUMA, MORTE E DUELO**  
Santiago de Compostela, do 15 ao 19 de xuño de 2015
- **TEATRO FÍSICO. CONTACTO CON DIFERENTES DINÁMICAS TEATRAIS, FÍSICAS E GRUPAIS. INTRODUCCIÓN NO TRABALLO DE COMPOSICIÓN ESCÉNICA**  
Lugo, do 15 ao 19 de xuño de 2015
- **CALIDADE AGROALIMENTARIA E DESENVOLVEMENTO RURAL: UN ENFOQUE AGROECOLÓXICO**  
Oleiros, do 15 ao 17 de xuño de 2015
- **EDUCAR PARA UN DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE**  
Santiago de Compostela, do 16 ao 19 de xuño de 2015
- **RETAZOS DA ARTE, SOCIEDADE E CULTURA NA IDADE MEDIA EUROPEA II: PALABRAS E FORMAS NA CONSTRUCCIÓN DO IMAXINARIO MEDIEVAL**  
Santiago de Compostela, do 17 ao 19 de xuño de 2015
- **PROBLEMAS XURÍDICOS DO CINEMA E DO SECTOR AUDIOVISUAL**  
Santiago de Compostela, do 17 ao 19 de xuño de 2015
- **O USO DOS XARDÍNS COMO RECURSO EDUCATIVO**  
Santiago de Compostela, do 18 ao 19 de xuño de 2015
- **A REINVENCIÓN DOS COMÚNS: CULTURA DIXITAL E TERRITORIO**  
Santiago de Compostela, do 18 ao 19 de xuño de 2015
- **COACHING EDUCATIVO: ESTRATEXIAS E FERRAMENTAS PARA A EDUCACIÓN II**  
Santiago de Compostela, do 22 ao 23 de xuño de 2015
- **A INTEGRACIÓN DA VIDEOCREACIÓN NA ESCOLA**  
Santiago de Compostela, do 22 ao 24 de xuño de 2015
- **O MEDIOAMBIENTE EN GALICIA: UNHA VISIÓN MULTIDISCIPLINAR**  
Santiago de Compostela, do 22 ao 25 de xuño de 2015
- **ENTRE MURALLAS: PAISAXE URBANA E CIDADE**  
Lugo, do 22 ao 24 de xuño de 2015
- **REPORTAXES SEN FRONTEIRAS: A COMUNICACIÓN COMO FERRAMENTA PARA A COOPERACIÓN E O DESENVOLVEMENTO**  
Santiago de Compostela, do 23 ao 26 de xuño de 2015

- **INNOVACIÓN EN ESCENOGRAFÍA VIRTUAL AVANZADA: ASTON3D SUITE E INFINITY SET DE BRAINSTORM MULTIMEDIA**  
Santiago de Compostela, do 23 ao 26 de xuño de 2015
- **PATRIMONIO E CONFLITIVIDADE**  
Lugo, do 25 ao 26 de xuño de 2015
- **O USO DA CALCULADORA COMO RECURSO DIDÁCTICO PARA AS MATEMÁTICAS DO SÉCULO XXI**  
Lugo, do 25 ao 27 de xuño de 2015
- **OS 25 ANOS DA CONVENCIÓN DOS DEREITOS DOS NENOS E AS NENAS: ANÁLISE DA SITUACIÓN SOCIOEDUCATIVA DA INFANCIA**  
Santiago de Compostela, do 20 ao 21 de xullo de 2015
- **MÚSICA, INVESTIGACIÓN E FORMACIÓN: A PROCURA DE CONVERXENCIA DENDE A EDUCACIÓN**  
Santiago de Compostela, do 20 ao 21 de xullo de 2015
- **VIII LECCIÓN XACOBÉAS INTERNACIONAIS NA USC: SANTOS NOS CAMIÑOS**  
Santiago de Compostela, do 20 ao 23 de xullo de 2015
- **LaTeX: UNHA FERRAMENTA PARA A DIFUSIÓN DO COÑECEMENTO CIENTÍFICO**  
Santiago de Compostela, do 20 ao 24 de xullo de 2015
- **EDUCACIÓN DA VOZ (2ª EDICIÓN)**  
Santiago de Compostela, do 20 ao 31 de xullo de 2015
- **NOVIDADES NORMATIVAS RELATIVAS Á APLICACIÓN E USO SOSTIBLE DE PRODUTOS FITOSANITARIOS**  
Lugo, do 20 ao 22 de xullo de 2015
- **OBRADOIRO SOBRE METODOLOXÍAS E RECURSOS PARA ENSINAR E APRENDER CIENCIAS PARTICIPANDO NAS PRÁCTICAS CIENTÍFICAS**  
Lugo, do 20 ao 22 de xullo de 2015
- **A MEDIACIÓN INTERCULTURAL NO ÁMBITO ESCOLAR**  
Lugo, do 20 ao 23 de xullo de 2015
- **A EMPRESA FAMILIAR: RESPOSTAS Á CRISE ECONÓMICA**  
Lugo, do 20 ao 23 de xullo de 2015
- **RETOS E OPORTUNIDADES DA INDUSTRIA DE PROCESOS QUÍMICOS**  
Lugo, do 20 ao 23 de xullo de 2015
- **AS PLANTAS MEDICINAIS NO DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE DAS RESERVAS DA BIOSFERA TERRAS DO MIÑO E OS ANCARES LUCENSES E MONTES DE CERVANTES, NAVIA E BECERREÁ**  
Lugo, do 20 ao 23 de xullo de 2015
- **EDUCACIÓN EMOCIONAL. EDUCAR PARA SER. A IMPORTANCIA DO APEGO E O VÍNCULO PARA UN DESENVOLVEMENTO INTEGRAL II**  
Lugo, do 20 ao 23 de xullo de 2015
- **ONCOLOXÍA INTEGRATIVA. INTEGRANDO OUTRAS MIRADAS NO PROCESO DE ATENCIÓN AO PACIENTE ONCOLÓXICO**  
Lugo, do 20 ao 23 de xullo de 2015
- **ARTE, HISTORIA, XEOGRAFÍA E CULTURA NA COMARCA DO SALNÉS: CAMIÑOS DE ESPIRITUALIDADE**  
Vilanova de Arousa, do 20 ao 23 de xullo de 2015
- **MOOCs E APRENDIZAXE EN REDES SOCIAIS**  
Santiago de Compostela, do 21 ao 24 de xullo de 2015
- **MINIMIZACIÓN DE RESIDUOS E VALORIZACIÓN DE SUBPRODUTOS DA INDUSTRIA ALIMENTARIA**  
Lugo, do 21 ao 23 de xullo de 2015
- **CONSERVACIÓN E XESTIÓN DA BIODIVERSIDADE EN ESPAZOS NATURAIS DE MONTAÑA**  
Cervantes, do 21 ao 24 de xullo de 2015
- **XI NOVAS FRONTEIRAS NA IGUALDADE DE OPORTUNIDADES 2.0: VIOLENCIAS, COEDUCACIÓN E AXENTES DE SOCIALIZACIÓN**  
Lalín, do 21 ao 24 de xullo de 2015
- **SUSTENTABILIDADE ECONÓMICA, AMBIENTAL E SOCIAL DE EXPLOTACIÓNS DE VACÚN DE LEITE ANTE A REFORMA DA PAC**  
Pastoriza, do 21 ao 22 de xullo de 2015
- **VIOLENCIA DE XÉNERO E MEDIACIÓN: UNHA OPORTUNIDADE POR EXPLORAR**  
Santiago de Compostela, do 22 ao 23 de xullo de 2015
- **SUSTENTABILIDADE DA PAISAXE**  
Guitiriz, do 22 ao 24 de xullo de 2015
- **O MEDIO COURELAO: FONTES, RECURSOS E EXPERIENCIAS ORIENTADAS Á SÚA DIVULGACIÓN**  
Seoane do Courel, do 27 ao 30 de xullo de 2015
- **PENSAMENTO LAICO: LAICISMO E DEMOCRACIA**  
Santiago de Compostela, do 29 ao 31 de xullo de 2015

- **MÚSICA E EDUCACIÓN: NOVAS PERSPECTIVAS PARA A EDUCACIÓN MUSICAL DO SÉCULO XXI**  
Santiago de Compostela, do 20 ao 22 de agosto de 2015
- **ENERXÍAS RENOVABLES: PRODUCCIÓN A PEQUENA ESCALA**  
Santiago de Compostela, do 24 ao 28 de agosto de 2015
- **ENERXÍAS RENOVABLES: PRODUCCIÓN A GRAN ESCALA**  
Santiago de Compostela, do 31 de agosto ao 04 de setembro de 2015
- **A PRESTACIÓN DE SERVIZOS SANITARIOS ANTE OS RETOS DO SÉCULO XXI (5ª EDICIÓN)**  
Santiago de Compostela, do 01 ao 04 de setembro de 2015
- **NARRATIVAS DIXITAIS: NOVAS FORMAS DE CONTAR E INFORMAR**  
Santiago de Compostela, do 01 ao 06 de setembro de 2015
- **QUE FACER COA TERRA QUE TEMOS? DESAFÍOS DA PROPIEDAD E USO DA TERRA EN GALICIA**  
Lugo, do 01 ao 04 de setembro de 2015
- **CONTAMINACIÓN LUMÍNICA: UNHA NOVA FRONTEIRA**  
Santiago de Compostela, do 02 ao 04 de setembro de 2015
- **IN-NOVA APICULTURA. MATERIALIZANDO UN COMPROMISO ENTRE CIENTÍFICOS E APICULTORES: PROGRESO, CONSENSO E APROPIACIÓN MUTUA DO COÑECEMENTO**  
Lugo, do 02 ao 04 de setembro de 2015
- **A ESCOLA DE ONTE, HOXE E MAÑÁ: 3 CLAVES, 6 DESAFÍOS**  
Lugo, do 03 ao 04 de setembro de 2015
- **INTERVENCIÓNS ASISTIDAS CON ANIMAIS, APLICACIÓNS EDUCATIVAS E TERAPÉUTICAS**  
Mondoñedo, do 04 ao 05 de setembro de 2015

#### PRAZO DE MATRÍCULA

Ábrese o prazo, tanto on-line coma presencial, o **11 de maio**

Acaba o prazo, secuencialmente:

- 29 de maio para os cursos que se celebran na semana do 8 de xuño
- 5 de xuño para os cursos que se celebran na semana do 15 de xuño
- 12 de xuño para os cursos que se celebran na semana do 22 de xuño
- 10 de xullo para os cursos que se celebran na semana do 20 de xullo

- 17 de xullo para os cursos que se celebran na semana do 27 de xullo
- 14 de agosto para os cursos que se celebran nas semanas do 17 de agosto e do 24 de agosto
- 21 de agosto para os cursos que se celebran na semana do 31 de agosto

**NON SERÁ POSIBLE REALIZAR A INSCRICIÓN FÓRA DESTES PRAZOS.**

#### IMPORTE DA MATRÍCULA

**Taxa xeral:**

*120 € para os cursos de 25 ou máis horas*

*70 € para os cursos de menos de 25 horas*

*40 € para os cursos de menos de 25 horas*

#### CENTROS DE MATRICULACIÓN E INFORMACIÓN

##### **Campus de Compostela:**

(atención de 9:00 a 14:00)

Área de Cultura - Colexio de San Xerome

Praza do Obradoiro s/n

Teléfonos 881811018 e 881811103

Fax 881811208

##### **Campus de Lugo:**

(atención de 9:00 a 14:00)

Área de Cultura - Pazo de Montenegro

Praciña da Universidade

Teléfono 982821513

Fax 982821506

Correo electrónico de contacto: [cursosdeveran@usc.es](mailto:cursosdeveran@usc.es)

[http://www.usc.es/gl/servizos/cultura/veran/2015/curso\\_0051.html](http://www.usc.es/gl/servizos/cultura/veran/2015/curso_0051.html)

## Programa SIX + Garantía Xuvenil

**Xoves, 28 Maio 2015 11:59**

A Dirección Xeral de Xuventude, en colaboración co Injuve, puxo en marcha a primeira xornada de formación do programa "SIX + Garantía Xuvenil", que tivo lugar en **Santiago de Compostela o día 27 de maio**.



O curso tiña por obxecto formar ao *personal das OMIX* e dos *Espazos Xove* seleccionados polo **Injuve**, sobre a xestión da información do **Programa de Garantía xuvenil** desde os *Servizos de Información Xuvenil*, no que se abordou o *Sistema Nacional de Garantía xuvenil*, os seus obxectivos, as liñas de actuación e actores intervintes. Complementouse cunha sesión práctica no sistema de xeración de usuario e contrasinal, así como sobre a cumplimentación da solicitude de inscrición do mozo e moza na propio *OMIX*.

O curso foi impartido polo *director Adxunto* e a *directora de División de Programas* do *Instituto da Xuventude de España (INJUVE)*, e nel participaron as 24 *OMIX* e *Espazos Xove* seleccionados.

## EN PORTADA ▶ NOVAS E ACTIVIDADES

### Correspondentes Xuvenis do Colexio San José de Cluny de Santiago

Martes, 26 Maio 2015 08:20



**Alba, Juan, Diego e Alba**, alumnado de 2º da ESO, son **Correspondentes Xuvenis** no **Colexio San José de Cluny en Santiago de Compostela**. Encarganse de difundir información entre os seus compañeiros a través do taboleiro de anuncios.

*Parabéns polo seu labor!!!*

### Axudas a Anpas de centros de educación especial

Venres, 29 Maio 2015 07:46



A *Consellería de Educación* convoca **axudas para financiar actividades das confederacións e federacións de pais de alumnos** e das asociacións de pais de alumnos de centros de educación especial para o ano 2015.

#### Requisitos

Poderán solicitar estas axudas as federacións e confederacións de pais de alumnos, así como as asociacións de pais de alumnos de centros de educación especial que, con anterioridade á data de remate do prazo de presentación de solicitudes, estean inscritas no censo da *Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria*.

O **prazo** para presentar solicitudes estará aberto ata o **29 de xuño de 2015**.

As solicitudes poden tramitarse en <https://sede.xunta.es> co procedemento **ED507A**.

**Máis información no DOG do 29 de maio de 2015** e en [www.edu.xunta.es](http://www.edu.xunta.es)

### Fondo solidario de libros de texto para alumnado de 3º e 5º de primaria e 2º e 4º ESO

Luns, 01 Xuño 2015 07:12



A *Consellería de Educación* crea un **fondo solidario de libros de texto** destinado ao alumnado matriculado en 3º e 5º de educación primaria e en 2º e 4º de educación secundaria obrigatoria en centros docentes sostidos con fondos públicos da *Comunidade Autónoma de Galicia* no curso 2015/16.

Todos os centros docentes sostidos con fondos públicos deberán dispoñer dun fondo solidario de libros de texto, que estará integrado por:

1. Todos os libros de texto e/ou material reutilizable adquirido coas axudas do curso 2014/15, que o alumnado beneficiario está obrigado a devolver.
2. Os libros de texto e o material didáctico vixente e útil voluntariamente cedido ao fondo.

Poderán presentar solicitude o/a proxenitor/a ou representante legal do alumnado matriculado ou que se vaia matricular no curso 2015/16 nos niveis educativos incluídos.

O centro asignará o uso dos libros de texto dispoñibles por orde inversa á renda per cápita da unidade familiar.

O **prazo** de presentación de solicitudes estará aberto ata o **30 de xuño de 2015**.

As solicitudes poden tramitarse en <https://sede.xunta.es> co procedemento **ED330D**.

**Máis información no DOG do 1 de xuño de 2015** e en [www.edu.xunta.es](http://www.edu.xunta.es)

## Axudas para libros de texto de 1º, 2º, 4º e 6º de educación primaria, 1º e 3º de ESO

Luns, 01 Xuño 2015 07:58



A Consellería de Educación convoca **axudas para a adquisición de libros de texto** destinadas ao alumnado matriculado en 1º, 2º, 4º e 6º de educación primaria, en 1º e 3º de educación secundaria obrigatoria ou en educación especial, en centros sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia, no curso escolar 2015/16.

### Requisitos:

Ser pai/nai/titor ou titora legal do alumnado matriculado.

Ter unha renda per cápita familiar igual ou inferior a 9.000 euros.

### Prazo de presentación de solicitudes:

- a) Para o alumnado de educación primaria e educación especial: 1 de xullo de 2015.
- b) Para o alumnado de educación secundaria obrigatoria que formalice a matrícula no prazo ordinario: do 25 de xuño ao 27 de xullo de 2015, ambos inclusive.
- c) Para o alumnado de educación secundaria obrigatoria que formalice a matrícula no prazo extraordinario: do 2 de setembro ao 2 de outubro de 2015, ambos inclusive.

As solicitudes poden tramitarse en <https://sede.xunta.es> co procedemento **ED330B**.

Máis información no **DOG do 1 de xuño de 2015** e en [www.edu.xunta.es](http://www.edu.xunta.es)

## Proxecto Grundtvig. NoNeets, programa de aprendizaxe permanente

Luns, 01 Xuño 2015 09:16

O **proxecto NoNeets** é un proxecto que involucra a seis países europeos (Bélxica, España, Francia, Italia, República Checa e Romanía) ao abeiro do **Programa de Aprendizaxe Permanente (PAP)** e financiado pola *Comisión Europea*.

As finalidade do proxecto é identificar as características, as necesidades e intereses da poboación nini, analizar o fenómeno nini, dese-



ñar e poñer en marcha un programa común baseado na demanda dos/as beneficiarios/as finais, involucrar á xuventude adulta en diferentes actividades que permitan a súa motivación e incrementar na poboación en xeral a importancia do proceso da aprendizaxe continuo.

Este programa vai principalmente dirixido a mozos e mozas de entre 15 e 29 anos desempregados, non asistentes a cursos de formación, que non traballan, na procura de educación e formación ou oportunidades laborais.

O **obxectivo** do proxecto é coñecer as súas necesidades e intereses, así como xerar un punto de partida para ofrecerlle á xuventude as ferramentas eficientes e con éxito que fortalezan as habilidades motivacionais, as actitudes sociais, os coñecementos e competencias apoiando a súa inserción profesional e social.

A acción formativa deste proxecto será desenvolvida no mes de xuño nas comarcas de Sarria e Verín.

Tras dun proceso de selección dos/as candidatos/as, 12 persoas, en cada unha das sés, poderán optar a esta formación e apoio a través dun curso onde se lles aportarán ferramentas para conquistar o seu traballo así como ferramentas para o emprendemento.

Dentro da acción formativa tamén terán posibilidade de participar en eventos locais relacionados coa súa zona a través de entrevistas de traballo, visitas a empresas, coñecemento de boas prácticas, contacto cos axentes sociais,...

O proxecto ofrece ante todo unha oportunidade de formarse, de ter encontros con mozos e mozas cunha misión de mudar o seu futuro, e moitas ferramentas para conquerilo.

Se queres participar no programa envía os teus datos a: [noneets.galicia@gmail.com](mailto:noneets.galicia@gmail.com)



NOVAS FORMACION CURSOS DA DXXV

## Curso de Dinamización da promoción da saúde e da prevención en entidades xuvenís

Mercres, 27 Maio 2015 09:51

A Dirección Xeral de Xuventude convoca o **curso Dinamización da promoción da saúde e da prevención en entidades xuvenís**.



**Obxectivos:**

Facilitar a incorporación da promoción da saúde entre as finalidades das entidades xuvenís.

Analizar e reflexionar sobre as posibilidades das asociacións xuvenís para dinamizar e promover cultura de saúde.

**Destinatarios/as:**

Persoal da Rede Galega de Información e Documentación Xuvenil, mocidade de 18 a 30 anos e outras persoas interesadas na temática do curso.

**Contidos:**

Promoción de hábitos saudables e prevención.  
Extratexias educativas para a prevención en saúde.  
Educación non formal e promoción da saúde.  
Programas e actuacións en asociacións xuvenís.

**Modalidade:** A distancia.

**Número de horas:** 20

**Número de prazos:** 50

**Data de inscrición:** Do 1 ao 15 de xuño de 2015.

**Data prevista de realización:** Do 22 de xuño ao 30 de xullo de 2015..

**FORMULARIO DE INSCRICIÓN**

**Información:**

**Centro Coordinador de Información e Documentación Xuvenil**

Telefono: 881 997 604 / 881 997 607

Correo electrónico para información xeral: [oixuventude.traballo@xunta.es](mailto:oixuventude.traballo@xunta.es)

**NOVAS FORMACION**

**OUTROS CURSOS**

## Primeiros auxilios en actividades de tempo libre

**Martes, 26 Maio 2015 08:02**



**Cruz Vermella de Santiago de Compostela** convoca **un curso de primeiros auxilios** en actividades de tempo libre.

Curso no que se abordan dun xeito sinxelo os contidos máis esenciais sobre *Primeiros Auxilios* destinados á atención de situacións críticas que poden orixinarse no ámbito da natureza.

O obxectivo principal é proporcionar os coñecementos máis elementais para poder ofrecer unha axuda eficaz ás persoas no transcurso das súas actividades ao aire libre ou na natureza, fóra do ámbito urbano.

**Especificamente:**

Aprender a previr accidentes.  
Aplicar procedementos e técnicas máis adecuadas en autoprotección e soporte aos primeiros auxilios.  
Identificar e resolver situacións de urxencia vital.

**Contidos:**

Auxilio das vítimas no medio natural.  
Cadea de supervivencia universal.  
Pautas de actuación ante unha situación de emerxencia: conduta PAS.  
Soporte vital básico. Algoritmo universal. Secuencia de actuación.  
Posición lateral de seguridade. Movilidade e manexo urxente da vítima. Exploración secundaria.

**Primeiros auxilios en:**

Obstrución da vía aérea por corpo extraño  
Hemorraxias  
Feridas  
Queimaduras  
Traumatismos  
Picaduras e mordedelas de animais  
Intoxicacións

Urxencias por alteracións da termorregulación.  
A Caixa de primeiros auxilios.

**Prevenición:** conduta AVA.

**Datas:** do 27 e 28 de Xuño de 2015

**Lugar:** Santiago de Compostela

**Duración:** 20 horas. De 09:00 a 14:00 e de 16:00 a 21:00.

**Prezo:** 90 € -10% dto. Desempregados, estudantes, socios.

**Máis información na Cruz Vermella de Santiago de Compostela.** Teléfono 981 586 969.

<http://formacion.cruzvermella.org/curso/ppaa-tiempolibre-santiago1/>

NOVAS FORMACION

CURSOS DE TEMPO LIBRE

## Cursos de Monitor de Actividades de Tempo Libre en Pontevedra

Venres, 29 Maio 2015 09:21



**TITULACIÓN OFICIAL**  
Xunta de Galicia

**PROMOCIÓN**  
"Trae a un amigo"

**190€**

**CURSO OFICIAL MONITORES/AS DE TEMPO LIBRE**  
Do 01 ao 26 de Xuño

**DATAS:**  
Do 01 ao 26 de Xuño de 2015  
De LUNS a VENRES:  
09:00 a 14:00 - 16:00 a 21:00

**INCLÚE:**  
Curso de MANIPULADOR DE ALIMENTOS  
Formación en actividades náuticas.

**Onde:**  
Residencia de Estudantes ABANCA  
Av. Vigo 36003 Pontevedra

**Prezo:** 250€  
Descuento Carné Xova e Desempregados: 225€

**PROMOCIÓN "Trae a un amigo"**  
**190€\*** cada matrícula.

**INSCRIPCIÓN:**  
Escola de Tempo Libre Barlovento  
@elbarlovento

**XUNTA DE GALICIA**  
INSTITUCIÓN GALEGA DE INVESTIGACIÓN E INNOVACIÓN TECNOLÓXICA  
Dirección Xeral de Formación e Recadación

A **Escola de Tempo Libre Barlovento** convoca **dous cursos de Monitor tempo libre en Pontevedra.**

**Datas:** 1 de xuño ao 26 de xuño de 2015.

**Lugar:** Residencia de Estudantes Afundación (Obra Social Abanca), en Pontevedra.

Os dous cursos realízanse no mesmo horario, en dúas aulas diferentes no mesmo edificio.

**Máis información na Escola de tempo libre Barlovento.** Telefono: 661 740 007.


<http://marexada.es>

BOLSAS E AXUDAS

FORMACION PRACTICA

## Bolsas no Instituto Nacional de Técnica Aeroespacial Esteban Terradas

Mercores, 27 Maio 2015 07:47



O **Instituto Nacional de Técnica Aeroespacial «Esteban Terradas» (INTA)** convoca **33 bolsas de formación** destinadas a persoas que se encontren en posesión do título de *Graduado, Licenciado, Enxeñeiro, Enxeñeiro Técnico + Máster Oficial ou equivalentes*, sempre que rematasen os seus estudos e obtivese o título con posterioridade ao **30 de xuño de 2011** e antes do **1 de xullo de 2015**.

A contía individual da bolsa será de 12.000 euros anuais.

O **prazo** para presentar solicitudes estará aberto ata o **16 de xuño de 2015**.

**Máis información no BOE do 27 de maio de 2015** e en [www.inta.es](http://www.inta.es)

BOLSAS E AXUDAS

OUTRAS

## Subvencións ao asociacionismo profesional no ámbito das industrias culturais

Xoves, 28 Maio 2015 06:25



A **Axencia Galega das Industrias Culturais** convoca subvencións ao asociacionismo profesional no ámbito das industrias culturais.

**Requisitos:**

Ausencia de ánimo de lucro.

Ter social ou estatutariamente como obxecto social a promoción de produtos culturais, en todas as súas modalidades, para a defensa dos intereses das empresas e profesionais destes ámbitos.

Sede ou domicilio social na Comunidade Autónoma de Galicia.

Ámbito de actuación autonómico.



O prazo de presentación de solicitudes estará aberto ata o **29 de xuño de 2015**.

As solicitudes poden tramitarse en <https://sede.xunta.es> co procedemento **CT402E**.

Máis información no **DOG do 28 de maio de 2015** e en [www.agadic.info](http://www.agadic.info)

## PREMIOS E CONCURSOS

### Eduemprende Idea 2015

Xoves, 28 Maio 2015 06:15



A Consellería de Educación convoca o concurso **Eduemprende Idea 2015**, dirixido ao alumnado das ensinanzas de formación profesional, deportivas ou de artes plásticas e deseño da *Comunidade Autónoma de Galicia*, co fin de potenciar a realización de proxectos empresariais.

#### Requisitos:

1. Estar matriculado no curso 2014/15 nas ensinanzas de formación profesional, deportivas ou de artes plásticas e deseño da Comunidade Autónoma de Galicia sostidas con fondos públicos.

2. A participación terá que ser en grupo, formado por un mínimo de dous/dúas alumnos/as e un máximo de catro.

#### Modalidades e características dos premios:

Premiaranse os tres mellores proxectos de empresa de cada modalidade.

**1. Modalidade A:** ciclos de grao superior.

- Incorporación a un viveiro de empresa da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.
- Asesoramento técnico do Igape.
- Dotación económica:

- 1º premio: 3.000 euros.
- 2º premio: 2.000 euros.
- 3º premio: 1.000 euros.

**2. Modalidade B:** ciclos de grao medio.

- Incorporación a un viveiro de empresa da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.
- Asesoramento técnico do Igape.
- Dotación económica:
  - 1º premio: 3.000 euros.
  - 2º premio: 2.000 euros.
  - 3º premio: 1.000 euros.

O prazo de presentación de solicitudes estará aberto ata o **26 de xuño de 2015**.

As solicitudes poden tramitarse en <https://sede.xunta.es> co procedemento **ED523A**.

Máis información no **DOG do 27 de maio de 2015** e en <https://www.edu.xunta.es/fp/eduemprende>

## NOVAS DE EMPREGO

## EMPREGO PUBLICO

### Socorristas en Mesía

Martes, 26 Maio 2015 06:52

O **Concello de Mesía** necesita contratar **dous/dúas socorristas** para as piscinas municipais.

**Requisitos:** titulación de socorrista en salvamento e primeiros auxilios.

O **prazo** para presentar solicitudes estará aberto ata o **3 de xuño de 2015**. **Máis información na OMIX de Mesía**, teléfono 981 687 001.

### Xuíz/a de Paz de Castrelo de Miño

Mercores, 27 Maio 2015 08:11

O **Concello de Castrelo de Miño** fai unha convocatoria pública para cubrir a **praza de xuíz de paz substituto**.

Os **requisitos** para acceder á praza son ser español, maior de idade, non atoparse impedido física nin psiquicamente para o desenvolvemento da función xudicial, estar en posesión dos dereitos civís, non ter sido condenados por delito mentres non se obtivera a rehabilitación, nin procesado ou inculcado por delito doloso en tanto non sexa absolto ou se dite auto de sobresemento.

Non se esixe, nin para titular nin para substituto, a licenciatura en Dereito nin coñecementos xurídicos específicos.

O **prazo** para presentar solicitudes estará aberto ata o **13 de xuño de 2015**.

**Máis información no BOP de Ourense do 27 de maio de 2015.**

## Convocadas prazas de policía local no Concello de Martos (Jaén)

Xoves, 28 Maio 2015 12:38

As prazas son convocadas polo sistema de oposición.

O **prazo** de presentación de solicitudes é de **20 días hábiles**, contados a partir da publicación no BOE.

**Máis información BOE do 28 de maio de 2015.** [www.boe.es](http://www.boe.es)

## Convocada 1 praza temporal de grao en enxeñaría informática na UDC

Xoves, 28 Maio 2015 12:39

A **Universidade da Coruña**, convoca esta praza (12 meses) como **colaborador en proxectos de investigación**.

O **prazo** de presentación de solicitudes é de **10 días** desde a publicación na páxina o **25 de maio** [www.udc.es](http://www.udc.es)

## Convocadas 2 prazas na facultade de informática na UDC

Xoves, 28 Maio 2015 12:40

A **Universidade da Coruña**, convoca estas **2 prazas (3 meses)** como **colaborador en proxectos de investigación**.

O **prazo** de presentación de solicitudes é de **10 días** desde a publicación na páxina o **25 de maio** [www.udc.es](http://www.udc.es)

## Convocadas 4 prazas de funcionario interino (docencia transitoria) no Concello de Vigo

Xoves, 28 Maio 2015 12:41

As prazas son de docencia transitoria de *Debuxo Artístico, Moda e Confección, Ourivaría e Serigrafía Artística* na **Escola Municipal de Artes e Oficios**.

O **prazo** de presentación de solicitudes é de **20 días** desde a publicación no BOPPO do **27 de maio de 2015**.

## Convocadas 127 prazas de facultativos especialistas na Comunidade de Madrid

Xoves, 28 Maio 2015 12:42

As prazas convocadas son de diversas especialidades.

O **prazo** de presentación de solicitudes é ata o **27 de xuño de 2015**. **Máis información BOM do 26 de maio de 2015.**

## Convocadas 175 prazas de técnicos especialistas en radiodiagnóstica na Comunidade de Madrid

Xoves, 28 Maio 2015 12:42

As prazas son convocadas polo Servizo Madrileño de Saúde.

O **prazo** de presentación de solicitudes é ata o **27 de xuño de 2015**. **Máis información BOM do 26 de maio de 2015.**

## Convocadas 351 prazas dos corpos xerais do exército

Xoves, 28 Maio 2015 12:43

As prazas convocadas polo *Ministerio de Defensa* son: **235 do corpo xeral de terra, 53 do corpo xeral do aire, 52 do corpo xeral da armada e 11 da infantería de mariña.**

O prazo de presentación de solicitudes é ata o **5 de xuño de 2015**. Máis información BOE do 26 de maio de 2015. [www.boe.es](http://www.boe.es)

## Persoal para SEAGA

Venres, 29 Maio 2015 06:52

A **Empresa Pública de Servizos Agrarios Galegos, S.A. (Seaga)** necesita contratar persoal nas seguintes categorías: *enxeñeiro agrónomo, enxeñeiro técnico agrícola, enxeñeiro de montes, enxeñeiro técnico forestal, capataz, xefe de brigada, peón especialista e peón.*

Máis información no DOG do 29 de maio de 2015 e en [www.epseaga.com](http://www.epseaga.com)

## Socorristas acuáticos en Sada

Venres, 29 Maio 2015 07:14

O **Concello de Sada** necesita contratar **5 socorristas para as praias**.

### Requisitos:

Estar en posesión do título de graduado en Educación Secundaria Obrigatoria (ESO) ou equivalente.

Estar en posesión da habilitación profesional de Galicia para o exercicio profesional do Socorrismo acuático en espazos naturais.

O **prazo** para presentar solicitudes estará aberto ata o **4 de xuño de 2015**.

Máis información no BOP da Coruña do 29 de maio de 2015 e na **OMIX de Sada**, teléfono 981 620 331.

## NOVAS DE EMPREGO

## EMPREGO PRIVADO

## Ofertas Servizo Público de Emprego 22/05/2015

Martes, 26 Maio 2015 08:01

### Representantes de comercio, en xerals

- Localidade: Porriño, O (Pontevedra)
- Nº oferta: 12/2015/3945
- Data: 22/05/2015
- Requisitos: comercial con 36 meses de experiencia con experiencia acreditable en softwer informático e con dispoñibilidade para desprazarse ocasionalmente ao estranxeiro.

### Cociñeiros, en xeral

- Localidade: Vitoria-Gasteiz
- Nº oferta: 12/2015/4304
- Data: 22/05/2015
- Requisitos: necesítase cociñeiro/a especializado en cociña galega para traballar en restaurante galego en Vitoria (Álava).

### Médicos especialistas en medicina do traballo

- Localidade: Santiago de Compostela (A Coruña)
- Nº oferta: 12/2015/4577
- Data: 22/05/2015
- Requisitos: necesítase médico de medicina do traballo para servizo de prevención de riscos laborais en Santiago de Compostela.

### Condutores de furgoneta, ata 3,5 tn.

- Localidade: Coruña, A
- Nº oferta: 12/2015/4689
- Data: 22/05/2015
- Requisitos: necesítase condutor/a de furgoneta. Permiso de conducir B.

## Mecánicos/as reparadores de maquinaria agrícola, en xeral

- Localidade: San Cibrao das Viñas (Ourense)
- Nº oferta: 12/2015/4744
- Data: 22/05/2015
- Requisitos: mecánico/a de maquinaria agrícola e obras públicas. FPI mecánica.

Máis información no 012 e en <http://emprego.xunta.es/cmspro/contido/botones/ofertasEmpleo/>

## Camareira de sala. A Coruña

**Mercores, 27 Maio 2015 07:00**

**Restaurante Anduriña de A Coruña** necesita incorporar unha camareira de sala.

Se require unha experiencia de máis de dous anos.

Traballadora, bo carácter e boa presenza.

Salario de 900/1000 euros o mes.

**Empresa Anduriña s.c.**

Tfno: 650838505

<https://www.empleate.gob.es/empleo/#/buscarOferta?search=A%20Coru%C3%B1a>

## Soldador/a Ferrol

**Mercores, 27 Maio 2015 07:01**

Nortempo SL selecciona soldador/a TIG.

Dúas prazas.

Soldadura de aceiro inoxidable mediante soldadura TIG.

Imprescindible experiencia en soldadura TIG en aceiro inoxidable en chapa fina.

Incorporación inmediata con contrato a xornada completa.

[http://www.infoempleo.com/ofertasdetrabajo/soldador-a/a-corunna/1820381/?utm\\_source=empleate&utm\\_medium=agregador&utm\\_campaign=trafico&utm\\_content=profesionales-artes-y-oficios&utm\\_term=a-corunna](http://www.infoempleo.com/ofertasdetrabajo/soldador-a/a-corunna/1820381/?utm_source=empleate&utm_medium=agregador&utm_campaign=trafico&utm_content=profesionales-artes-y-oficios&utm_term=a-corunna)



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE TRABALLO  
E BENESTAR  
Dirección Xeral de  
Xuventude e Voluntariado



**xuventude.net**